

Disposición transitoria sexta. *Acceso a unha relación de carácter permanente dos militares profesionais de tropa e mariñeira.*

1. Durante os anos 2000, 2001 e 2002, para participar nos procesos selectivos, requirírase un tempo mínimo de servizos de nove anos, cumpridos o 1 de xaneiro do ano da convocatoria, e as demais condicións do artigo 24 do presente regulamento, sen que durante ese período sexan de aplicación os requisitos da titulación e o número máximo de convocatorias.

2. Entrementes non se estableza regulamentariamente a avaliación a que fai referencia o artigo 24.3 do presente regulamento, esta rexeráse polas normas vixentes para contraer novos compromisos.

Disposición transitoria sétima. *Acceso á escala superior de oficiais do corpo de músicas militares.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os membros das escalas de subdirectores músicos do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, declaradas a extinguir na disposición adicional sexta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, que posúan a titulación requirida, poderán optar, por acceso directo, ó ingreso no centro de ensino militar correspondente para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo de músicas militares, quedando exentos dos límites de idade.

Disposición transitoria oitava. *Acceso directo con reserva de prazas ó corpo militar de sanidade, psicoloxía.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os suboficiais que, á entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, acrediten posuí-lo título de licenciado en psicoloxía e o diploma de psicoloxía militar, poderán optar, por acceso directo dentro da cota de prazas reservadas que para tal efecto se convoquen e demais requisitos que estableza a convocatoria, ó ingreso no centro de ensino militar correspondente para a incorporación á escala superior de oficiais do corpo militar de sanidade, quedando exentos dos límites de idade.

Disposición transitoria novena. *Acceso dos suboficiais á escala de oficiais do seu correspondente exército.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os suboficiais de tódolos corpos ós que para acceder ás antigas escalas de complemento se lles esixiu estar en posesión do título de diplomado universitario, poderán optar, por promoción interna e dentro das prazas que para tal efecto se convoquen, ó ingreso no centro de ensino militar correspondente para a incorporación á escala de oficiais do mencionado corpo, quedando exentos dos límites de idade e emprego, debendo reunirlos demais requisitos que estableza a convocatoria.

Disposición transitoria décima. *Acceso á escala de suboficiais dos cabos primeiros permanentes do Exército de Terra.*

Nas convocatorias correspondentes ós anos 2000 e 2001, os cabos primeiros de Exército de Terra que accedesen a unha relación de servizos de carácter permanente ata a idade de retiro con anterioridade á entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, poderán acceder, por promoción interna, ás escalas de suboficiais do

dito exército, acreditando o nivel educativo e o resto de condicións que se requiran na convocatoria, quedando exentos dos límites de idade.

Disposición transitoria décimo primeira. *Promoción interna dos militares de complemento cos títulos de licenciado en psicoloxía e licenciado en veterinaria.*

Os militares de complemento en posesión do título de licenciado en psicoloxía ou o título de licenciado en veterinaria que se adscribiron á escala superior do corpo militar de sanidade, nas convocatorias por promoción interna, quedarán exentos dos límites de idade e emprego regulados no artigo 21 deste regulamento, mentres manteñan a condición de militar de complemento, consoante o establecido no artigo 91 da Lei 17/1999, do 18 de maio, e no número 2 da súa disposición adicional cuarta. Do mesmo xeito, nas convocatorias por promoción interna correspondentes ós anos 2000, 2001 e 2002 quedarán exentos do número máximo de convocatorias que estipula o artigo 15.2.a) do presente regulamento.

Disposición transitoria décimo segunda. *Alumnos dos institutos politécnicos do Exército de Terra.*

Os ingresados como alumnos de formación profesional nos institutos politécnicos do Exército de Terra con anterioridade ó 1 de xaneiro do ano 2000 que superen os correspondentes estudos, manterán reserva de praza para cursa-lo ensino de formación que capacite para o acceso a determinadas especialidades de militares profesionais de tropa do Exército de Terra.

19137 REAL DECRETO 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina. («BOE» 256, do 25-10-2000.)

A implantación da liberdade de circulación de mercadorías, que esixe o correcto funcionamento dun mercado común, implica necesariamente a harmonización das lexislacións dos Estados membros da Unión Europea relativas ás condicións, principalmente técnicas e sanitarias, requiridas para a comercialización dos distintos produtos e, en particular, dos animais vivos.

No caso dos animais vivos, a harmonización da normativa sanitaria resulta esencial e, para a súa consecución, dictáronse numerosas directivas, entre elas a Directiva 64/432/CEE, do Consello, do 26 de xuño, relativa ós problemas de policía sanitaria en materia de intercambios intracomunitarios de animais das especies bovina e porcina, que foi incorporada ó ordenamento xurídico interno polo Real decreto 434/1990, do 30 de marzo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables ó comercio intracomunitario de animais vivos da especie bovina e porcina.

A conveniencia de clarifica-la normativa vixente nesta materia, unida á necesidade de reforza-las medidas veterinarias de vixilancia epidemiolóxica, levou á aprobación da Directiva 97/12/CE, do Consello, do 17 de marzo, pola que se modifica e actualiza a Directiva 64/432/CEE, do Consello. A Directiva 97/12/CE resultou, pola súa vez, modificada pola Directiva 98/46/CE, do Consello, do 24 de xuño, que sinala a substitución dos anexos A, D (capítulo I) e F da Directiva 64/432/CEE e pola Directiva 98/99/CE, do Consello, do 14 de decembro. Por outra parte, a Directiva 64/432/CEE foi modificada recentemente polas Directivas 2000/15/CE, do Parla-

mento Europeo e do Consello, do 10 de abril, e pola 2000/20/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de maio.

O presente real decreto incorpora o ordenamento xurídico interno as Directivas 97/12/CE, 98/46/CE, 98/99/CE, 2000/15/CE e 2000/20/CE que teñen como fin exclusivo establece-las normas aplicables ó control veterinario dos intercambios intracomunitarios de animais da especie bovina e porcina

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento, tralo informe do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de outubro de 2000,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O presente real decreto establece as normas sanitarias aplicables ó intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, excepto o xabaril, regulando tódalas condicións necesarias para a expedición de animais destas especies a outros Estados membros da Unión Europea.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Explotación: calquera instalación, construción ou no caso de cría ó aire libre, calquera lugar no que se manteñan, críen ou manexen animais.

b) Rabaño: un animal ou un grupo de animais mantido nunha explotación en calidade de unidade epidemiolóxica. Se existen varios rabaños nunha mesma explotación, estes deberán formar unha unidade diferenciada coa mesma cualificación sanitaria.

c) Animal de abasto: o animal destinado ó matadoiro ou a un centro de concentración desde o que só poida ser trasladado ó matadoiro.

d) Animais de reprodución ou de produción: os animais destinados á reprodución, ou á produción de leite ou de carne ou outras producións, ou ó traballo, ou a certames ou a exposicións, exceptuando os animais que participen en manifestacións culturais e deportivas.

e) Centro de concentración: calquera explotación, incluídos os centros de recollida e os mercados, nos que se reúna gando procedente de distintas explotacións para formar lotes de animais destinados ó comercio ou para a poxa, concurso ou exposición de gando, así como os centros de testaxe de animais. Non se considerarán como tales as instalacións autorizadas para albergar gando con destino a ser comercializado que dispoñan os comerciantes ou operadores comerciais para o desenvolvemento da súa actividade.

f) Veterinario oficial: o veterinario designado pola Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou polas comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, podendo considerarse como tal os axentes certificadores veterinarios que así sexan designados pola autoridade competente, conforme o sinalado no Real decreto 556/1998, do 2 de abril, polo que se establecen as normas para expedir a certificación de animais e produtos animais esixida pola normativa comunitaria.

g) Veterinario autorizado: calquera veterinario autorizado pola autoridade competente de conformidade co disposto no artigo 10 do presente real decreto.

h) Provincia, illa, explotación ou rabaño oficialmente indemne de tuberculose, brucelose ou leucose bovina enzoótica ou indemne de brucelose: calquera provincia, illa, explotación ou rabaño de gando bovino que cumpra os requisitos establecidos no anexo I deste real decreto.

i) Comerciante ou operador comercial: calquera persoa física ou xurídica dedicada, directa ou indirectamente, á compra e venda de animais da especie bovina ou porcina con fins comerciais inmediatos para os intercambios intracomunitarios, que ten unha cifra de negocios regular cos ditos animais, que, nun prazo máximo de trinta días despois de adquirilos animais, os vende ou os traslada das primeiras instalacións a outras que non lle pertencen, que está rexistrado e que cumpre as condicións establecidas na sección 2.^a do capítulo III do presente real decreto.

j) Autoridade competente: a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e os órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias.

CAPÍTULO II

Intercambios intracomunitarios

SECCIÓN 1.^a CONDICIÓN XERAS DE CIRCULACIÓN NOS INTERCAMBIOS INTRACOMUNITARIOS

Artigo 3. *Requisitos xerais.*

1. Os animais deberán reuni-los seguintes requisitos para a súa expedición a outro Estado membro da Unión Europea:

a) Estaren debidamente identificados de acordo co disposto na normativa vixente.

b) Contaren cun certificado sanitario de acordo co establecido no artigo 4 deste real decreto.

c) Procederen dunha explotación ou dunha zona que non estea, por motivos sanitarios, suxeita a unha prohibición ou a unha restricción que afecte as especies de que se trata en virtude da lexislación comunitaria ou nacional.

d) Non estaren destinados ó sacrificio ou sometidos a unha restricción en virtude dun programa nacional ou rexional de erradicación de enfermidades contaxiosas ou infecciosas.

e) Seren transportados de acordo coas condicións establecidas no artigo 14 do presente real decreto.

f) Seren sometidos a: un control de identidade e un exame clínico por parte dun veterinario oficial dentro das 24 horas previas á súa saída e non amosar signos clínicos de enfermidade.

2. Por instancia do veterinario oficial que expida o certificado sanitario, rexistrarse todo intercambio intracomunitario da especie bovina e porcina no sistema ANIMO e, unha vez implantado o sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica, na base de datos establecida no artigo 12 deste real decreto.

3. Os animais a que se refire o presente real decreto non poderán, en ningún momento, desde a súa saída da explotación de procedencia ata a súa chegada á explotación de destino, entrar en contacto con outros animais que non teñan a mesma cualificación sanitaria.

Artigo 4. *Certificado sanitario.*

1. O certificado sanitario, que acompañará os animais da especie bovina e porcina ata o seu lugar de

destino, acreditará que o animal ou animais a que se refire non amosan signos clínicos de enfermidade e se encontran en perfectas condicións sanitarias para o seu intercambio intracomunitario.

2. O certificado sanitario será expedido polo veterinario oficial ó termo das inspeccións, visitas e controis establecidos no presente real decreto.

3. Non obstante o establecido nos requisitos xerais do artigo anterior, poderá prescindirse do exame clínico directo e expedirse o certificado sanitario de acordo cun simple exame documental nos seguintes supostos:

a) Cando os animais procedan de centros de concentración autorizados para os intercambios intracomunitarios, sempre que o certificado se expida con base nun certificado sanitario ou outro documento oficial que recolla a información necesaria, debidamente cuberto polo veterinario oficial da explotación de orixe.

b) Cando os animais procedan dunha explotación integrada nun sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica, sempre que o certificado se expida con base nun certificado sanitario ou outro documento oficial que recolla a información necesaria, debidamente cuberto polo veterinario autorizado responsable da explotación de orixe.

4. O certificado sanitario para os intercambios intracomunitarios conterá, polo menos, os datos incluídos nos modelos que se recollen no anexo II deste real decreto, levará un número de serie e estará redactado, polo menos, en castelán e nun dos idiomas oficiais do país de destino. Cando conste de máis dunha folla, presentarse de maneira que tódalas páxinas formen parte dun conxunto indivisible.

5. O certificado sanitario deberá expedirse o mesmo día en que se practique o exame clínico e terá unha validez de dez días hábiles a partir da data de realización destes controis.

Artigo 5. *Tránsito de animais por centros de concentración de distintos Estados membros da Unión Europea.*

1. Cando os animais teñan que transitar por un centro de concentración autorizado para os intercambios intracomunitarios dun Estado membro da Unión Europea que non sexa o de destino, o veterinario oficial responsable na explotación de orixe deberá, en todo caso, expedir-lo certificado sanitario.

2. Cando un centro de concentración español autorizado exclusivamente para comercio intracomunitario reciba animais procedentes doutro Estado membro da Unión Europea e non destinados ó Estado español, o veterinario oficial responsable deste deberá expedir un segundo certificado sanitario, que se xuntará ó certificado orixinal ou a unha copia autenticada del.

3. No caso de animais que transiten por un centro de concentración autorizado para o intercambio intracomunitario situado no Estado membro de orixe, a duración da concentración dos ditos animais fóra da explotación de orixe non poderá pasar de seis días.

SECCIÓN 2.^a REQUISITOS ADICIONAIS PARA a CIRCULACIÓN NOS INTERCAMBIOS INTRACOMUNITARIOS PARA OS ANIMAIS DAS ESPECIES BOVINA E PORCINA

Artigo 6. *Animais de reprodución ou produción.*

1. Ademais dos requisitos establecidos na sección anterior, os animais de reprodución ou produción das

especies bovina e porcina, excepto o xabaril, deberán cumprilos seguintes requisitos para autoriza-lo seu traslado:

a) Teren permanecido nunha soa explotación durante un período de trinta días antes da súa carga; no caso dos animais con idades inferiores a trinta días, teren nacido na explotación de orixe.

b) Seren orixinarios dun Estado membro da Unión Europea ou teren sido importados desde un terceiro país que se axuste á lexislación veterinaria da Comunidade.

c) Procederen, no caso dos bovinos, dun rabaño oficialmente indemne de tuberculose, brucelose ou leucose enzoótica e seren sometidos ó exame clínico e control de identidade dentro das 24 horas que preceden á súa saída. Ademais, os animais deberán someterse a unha proba individual durante os trinta días anteriores á súa saída do rabaño de orixe para as seguintes enfermidades:

1.^a Tuberculose, cando a súa idade supere as seis semanas.

2.^a Brucelose, cando se trate de animais non castrados con idade que supere os doce meses.

3.^a Leucose bovina enzoótica, cando a súa idade supere os doce meses.

Esta proba non será obrigatoria no caso de que os animais sexan orixinarios dunha rexión ou dun Estado membro declarados oficialmente indemnes de tuberculose, brucelose ou leucose enzoótica bovina ou que forme parte dunha rede de vixilancia recoñecida.

2. Cando se trate de animais importados dun terceiro país, deberán cumprir ademais os seguintes requisitos:

a) Se o Estado membro importador é distinto do Estado membro de destino final, deberán ser transportados a este o máis rapidamente posible, acompañados dun certificado expedido de acordo co Real decreto 1430/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen os controis veterinarios aplicables ós produtos que se introduzan no territorio nacional procedentes de países non pertencentes á Comunidade Europea.

b) Á súa chegada a destino e antes de calquera outra circulación, deberán axustarse ás obrigas establecidas no presente real decreto e non poderán introducirse no rabaño ata que o veterinario responsable da explotación constate que non é previsible que estes animais alteren a cualificación sanitaria da explotación.

3. Se nunha explotación se introduce un animal dun terceiro país, ningún animal desta explotación poderá ser comercializado nun prazo de trinta días a partir da introducción do animal importado, salvo que este estea completamente illado do resto dos animais da explotación.

Artigo 7. *Animais de abasto.*

1. Ademais dos requisitos establecidos na sección anterior, os bovinos de abasto deberán proceder de rabaños oficialmente indemnes de tuberculose, de leucose enzoótica bovina e, no caso de bovinos non castrados, de rabaños oficialmente indemnes de brucelose.

2. Os animais de abasto, o destino dos cales sexa un matadoiro, deberán ser sacrificados o antes posible, pero como máis tardar setenta e dúas horas despois da súa chegada, de acordo coas normas de policía sanitaria, sen prexuízo do disposto no artigo 22 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos. En ningún caso sairán deste sen ser sacrificados.

3. Os animais de abasto, o destino dos cales sexa un centro de concentración autorizado, deberán ser conducidos directamente deste ó matadoiro, onde serán sacrificados o antes posible, pero como máis tardar no prazo de tres días laborables despois da súa chegada ó centro de concentración, de acordo coas normas de policía sanitaria. En ningún momento, entre a súa chegada ó centro de concentración e a súa chegada ó matadoiro, poderán entrar en contacto con animais biungulados distintos dos que cumpren as condicións do presente real decreto.

SECCIÓN 3.^a REDES DE VIXILANCIA EPIDEMIOLÓXICA

Artigo 8. *Sistema de redes de vixilancia.*

1. As comunidades autónomas implantarán un sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica que se estenda a tódalas provincias que as integran, cun dobre obxectivo:

a) Facilita-los intercambios intracomunitarios dos animais da especie bovina e porcina.

b) Recoller datos epidemiolóxicos que permitan a vixilancia das enfermidades e o control do seu movemento.

2. O sistema de redes de vixilancia deberá integrar tódalas explotacións das especies e do territorio para os que se implante, ás que outorgará unha cualificación oficial que se someterá a revisión mediante inspeccións periódicas.

3. O sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica implicará a participación dos seguintes suxeitos:

a) Os propietarios ou responsables das explotacións.

b) Os veterinarios oficiais ou autorizados das explotacións.

c) Os órganos das comunidades autónomas competentes para xestionar unha base de datos informatizada relativa ó sistema de redes.

d) Os laboratorios oficiais de diagnóstico veterinario ou calquera outro laboratorio autorizado pola autoridade competente.

e) Os veterinarios oficiais dos matadoiros e dos centros de concentración autorizados.

Artigo 9. *Propietarios ou responsables das explotacións.*

O propietario ou responsable dunha explotación integrada nun sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica terá as seguintes obrigas:

a) Garantir, mediante contrato ou acto xurídico, os servizos dun veterinario autorizado.

b) Recorrer inmediatamente ó veterinario autorizado da explotación en canto sospeite a existencia dunha enfermidade contaxiosa ou de calquera enfermidade de notificación obrigatoria, sen prexuízo do establecido na normativa vixente ó respecto.

c) Informa-lo veterinario autorizado da explotación de toda introducción de animais na súa explotación, sen prexuízo do establecido na normativa vixente ó respecto.

d) Illa-los animais antes de os introducir na súa explotación co fin de que o veterinario autorizado comprobe, se é o caso mediante as probas prescritas, se pode manterse a cualificación sanitaria da explotación.

Artigo 10. *Veterinarios autorizados.*

1. Terán a consideración de veterinarios autorizados, de conformidade co disposto no artigo 2 deste real

decreto, aqueles que cumpran, polo menos, cos seguintes requisitos:

a) Reuni-las condicións necesarias para exercer-la profesión veterinaria.

b) Non ter participación financeira ou relacións familiares co propietario ou responsable da explotación.

c) Posuír coñecementos especializados en materia de policía sanitaria aplicable ás especies da explotación. Neste sentido, deberán actualizar periodicamente os seus coñecementos, en particular no relativo á regulamentación sanitaria de aplicación.

2. Os veterinarios autorizados deberán cumprir-los requisitos establecidos pola autoridade competente para garanti-lo bo funcionamento da rede de vixilancia e, en particular, estarán obrigados a:

a) Facilitar información ó propietario ou responsable da explotación e prestarlle asistencia co fin de que se tomen tódalas medidas necesarias para a consecución e o mantemento da cualificación sanitaria da explotación.

b) Velar por que se cumpran as esixencias do presente real decreto relativas á identificación e á documentación sanitaria de acompañamento dos animais da explotación, así como os introducidos nela.

c) Declara-las enfermidades infecciosas e calquera outro factor de risco para a saúde ou o benestar dos animais, así como para a saúde pública, de acordo coa normativa vixente.

d) Determinar, na medida do posible, a causa de mortalidade dos animais, o lugar a onde deben ser expeditos e o destino final dos cadáveres.

e) Velar polo cumprimento das condicións hixiénico-sanitarias das explotacións.

3. A responsabilidade dos veterinarios autorizados estará limitada ó ámbito territorial da autoridade competente que os autorizou.

Artigo 11. *Mantemento do sistema de redes.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas que implanten un sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica deberán:

a) Elaborar listas dos veterinarios autorizados e das explotacións integradas no sistema e actualizalas periodicamente.

b) Xestionar unha base de datos informatizada do seu sistema de redes.

c) Comunicarlle á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos necesarios para manter actualizado o Sistema Nacional de Redes de Vixilancia Epidemiolóxica, de acordo co disposto no artigo 13 do presente real decreto.

Artigo 12. *Base de datos do sistema de redes.*

1. A base de datos informatizada dun sistema de redes de vixilancia epidemiolóxica deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

A) Para cada animal da especie bovina:

a) O código de identificación, segundo o disposto na normativa vixente sobre rexistro de explotacións gandeiras e identificación dos animais.

b) A data de nacemento e de morte ou sacrificio, se é o caso.

c) O sexo.

d) A raza.

e) O código de identificación da nai ou, no caso dun animal importado dun país terceiro, o número de identificación que lle sexa atribuído tralo control realizado en virtude do Real decreto 1430/1992, do 27 de novembro, polo que se establecen os principios de

organización de controis veterinarios e de identidade dos animais que se introducen na Comunidade. Este número deberá vincularse na base de datos co número de identificación de orixe.

f) O código de identificación da explotación de nacemento, de acordo co disposto no parágrafo C) deste punto.

g) Os códigos de identificación de tódalas explotacións nas que se mantivese o animal e as datas de cada circulación, incluíndo os tránsitos polos centros de concentración e o seu movemento a matadoiro.

B) Para os animais da especie porcina:

a) O número de rexistro da explotación ou rabaño de orixe, así como o número de certificado sanitario, no caso de que a explotación de orixe sexa distinta da de permanencia.

b) O número de rexistro da última explotación ou rabaño dos que procedan os animais ou a explotación de importación de teren sido importados de terceiros países.

C) Para cada explotación, o nome e enderezo do titular, e o código de identificación de acordo co disposto no punto 1 do artigo 3 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais, antepoñendo as letras ES.

2. Os datos rexistrados deberán conservarse durante tres anos consecutivos a partir da morte do animal, no caso dos bovinos, ou desde que se fixo o último rexistro, no caso dos animais da especie porcina.

Artículo 13. *Sistema Nacional de Redes de Vixilancia Epidemiolóxica.*

1. A Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación integrará os sistemas autonómicos de redes de vixilancia epidemiolóxica nun Sistema Nacional, que se estenda á totalidade do territorio do Estado español.

2. Unha vez implantado o Sistema Nacional de Redes de Vixilancia Epidemiolóxica para unha determinada especie, a circulación dos animais da especie en cuestión non requirirá, para os intercambios intracomunitarios, os controis previos de identidade e clínico, a que se refire o punto 1.f) do artigo 3 do presente real decreto.

CAPÍTULO III

Comercio de animais da especie bovina e porcina para intercambios intracomunitarios

SECCIÓN 1.^a TRANSPORTE DE ANIMAIS

Artigo 14. *Condicións do transporte para os intercambios intracomunitarios.*

1. Nos desprazamentos dos animais deberán utilizarse medios de transporte que reúnan os requisitos establecidos no Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte. Ademais, estes medios de transporte deberán:

a) Construírse de forma que as feces, o leite ou o alimento non poidan derramarse ou caer desde o vehículo.

b) Ser limpados e desinfectados con axuda de desinfectantes autorizados, inmediatamente despois de cada transporte de animais ou de calquera produto que non

afecte a saúde dos animais, e, en caso necesario, antes de calquera outro cargamento de animais.

2. Os transportistas deberán acreditar documentalmente as operacións de limpeza e desinfección efectuadas, ben en instalacións propias que contarán con sistemas para o almacenamento do leite e o esterco, ou ben por terceiros; ámbalas instalacións contarán coa aprobación da autoridade competente.

3. O transportista, para cada vehículo que efectúe o transporte de animais, levará e manterá durante un período mínimo de tres anos un rexistro que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Os lugares e datas de recollida e o nome do propietario ou nome comercial da explotación ou do centro de concentración no que se recolleron os animais.

b) Os lugares e datas de entrega e o nome do propietario ou nome comercial da explotación e enderezo do destinatario ou dos destinatarios.

c) A especie e o número de animais transportados.

d) A data e o lugar de desinfección.

e) Os detalles da documentación sanitaria de acompañamento (número de serie dos documentos, etc.).

4. En caso de incumprimento das disposicións do presente artigo, e por razóns sanitarias, suspenderase a autorización que se establece no artigo 5.1 b) do Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se aproban as normas relativas á protección de animais durante o seu transporte. Esta suspensión levantarase en canto estean reparados os defectos que a orixinaron.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME XERAL DOS COMERCIANTES OU OPERADORES COMERCIAIS PARA INTERCAMBIOS INTRACOMUNITARIOS

Artigo 15. *Requisitos xerais dos comerciantes ou operadores comerciais.*

Para o exercicio da súa actividade, os comerciantes ou operadores comerciais de animais deberán estar rexistrados e autorizados polo órgano competente da Comunidade Autónoma onde teña establecido o seu domicilio social. Poderán obter esta autorización os comerciantes ou operadores comerciais que dispoñan de instalacións autorizadas para albergar os animais conforme o disposto no artigo 16 deste real decreto, se é o caso.

Artigo 16. *Instalacións autorizadas.*

1. As instalacións para albergar animais da especie bovina e porcina, destinados a intercambio intracomunitario, deberán obter unha autorización administrativa previa.

2. Os órganos competentes da comunidade autónoma onde radique a instalación outorgaránlle-la autorización ás instalacións que cumplan os seguintes requisitos:

a) Estaren baixo a supervisión dun veterinario oficial.

b) Encontrárense situadas nunha zona que non sexa obxecto de prohibición ou restricción de acordo coa lexislación comunitaria pertinente ou a lexislación nacional.

c) Deberán dispor dunha infraestrutura que reúna as seguintes condicións:

1.^a Ser adecuada e ter capacidade suficiente para poder illar tódolos animais en caso de abrocho dunha enfermidade contaxiosa.

2.^a Ser adecuada para descargar e, cando sexa necesario, albergar convenientemente os animais, abebralos, alimentalos e proporcionarlle-los cuidados que puidesen necesitar.

3.^a Contar cunha superficie suficiente para recibi-lo estrume e o esterco.

4.^a Dispor dun sistema adecuado de desaugamento.

5.^a Permitir unha fácil limpeza e desinfección antes de cada utilización de acordo coas instrucións do veterinario oficial e, en todo caso, limparanse e desinfectaranse antes da entrada dun novo lote de animais. Para tal efecto, unha vez constituído un lote de animais e que se iniciase a súa comercialización, non se introducirá nin mesturará ningún animal no dito lote ata a completa saída de todos e cada un dos animais.

6.^a Permitir unha adecuada inspección dos animais.

d) E, en xeral, cumprí-la normativa vixente sobre benestar animal.

3. O comerciante ou operador comercial presentará unha memoria técnica visada por un veterinario na que se recollan tódolos requisitos mencionados no punto anterior que se xuntará á solicitude de autorización.

Artículo 17. *Obrigas dos comerciantes ou operadores comerciais.*

1. Os comerciantes ou operadores comerciais autorizados, unicamente poderán comerciar con animais que estean correctamente identificados, de conformidade coa normativa vixente, e que vaian acompañados da documentación sanitaria correspondente.

2. Non obstante, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán autoriza-la comercialización de animais identificados que non respondan ás condicións sanitarias establecidas, cando estes animais procedan de explotacións españolas e sexan conducidos inmediatamente e directamente a un matadoiro para o seu sacrificio, co fin de evitar toda propagación de enfermidades. Desde a súa entrada no matadoiro, estes animais non poderán entrar en contacto con outros e deberán sacrificarse por separado.

3. Cando o comerciante manteña animais nas súas instalacións, deberá:

a) Garanti-la formación específica ó persoal que se faga cargo dos animais no que atinxe á aplicación dos requisitos do presente real decreto e ó coidado e á protección dos animais.

b) Informa-lo veterinario oficial sobre a entrada dos diferentes lotes de animais.

c) Solicitalle ó veterinario oficial que someta periodicamente os animais adquiridos a controis e, se é o caso, a probas.

d) Adoptar tódalas medidas necesarias para evita-la propagación de enfermidades.

e) E, en xeral, cumprí-la normativa vixente sobre benestar animal.

Artigo 18. *Obrigas documentais.*

1. Os comerciantes ou operadores comerciais que manteñan animais nas súas explotacións deberán levar ó día un libro de rexistro da explotación que conteña tódalas informacións previstas na normativa vixente en materia de identificación e rexistro dos animais.

Ademais das citadas informacións, deberase facer consta-lo número de rexistro do transportista e o número de licencia do camión que entregue ou recolla os animais.

2. Cando os comerciantes ou operadores comerciais non dispoñan dun centro de concentración debidamente autorizado de acordo coa seguinte sección, deberán inscribir no rexistro os seguintes datos adicionais:

a) O nome e enderezo do comprador, e o destino dos animais.

b) As copias dos plans de viaxe e o número de serie dos documentos sanitarios de acompañamento.

3. Os datos a que se refire este artigo deberán conservarse durante un período mínimo de tres anos.

SECCIÓN 3.^a CENTROS DE CONCENTRACIÓN

Artigo 19. *Requisitos para a autorización dos centros de concentración, exclusivos para o intercambio intra-comunitario.*

1. Os centros de concentración deberán estar autorizados para o desempeño de actividades comerciais, de acordo co establecido no artigo 15 deste real decreto.

2. Non obstante, para obter esta autorización, as instalacións dos centros de concentración deberán cumprir non só as condicións xerais esixidas polo número 2 do artigo 16 do presente real decreto para as instalacións dos comerciantes ou operadores comerciais, senón tamén os seguintes requisitos adicionais:

a) Ter unha localización hixiénica, quedando separado dos edificios máis próximos por un espacio libre.

b) Contar con dous accesos, sendo o de entrada diferente do de saída.

c) Contar con superficie urbanizada e valada en función da concorrencia prevista.

d) Dispor dos medios humanos e materiais necesarios para colaborar eficazmente nas funcións dos servizos veterinarios oficiais asignados.

e) Dispor das seguintes instalacións, en función das capacidades de acollida:

1.^a Unha instalación dedicada exclusivamente á acollida de gando.

2.^a Plataformas que faciliten a carga e descarga do gando, así como unha zona de aparcamento de vehículos de transporte de gando con capacidade suficiente.

3.^a Instalacións para manexo e circulación de gando.

4.^a Infraestrutura que permita a inspección veterinaria.

5.^a Locais cubertos ou curros para o gando, con capacidade acorde coa concorrencia e separación suficiente dos animais de especies diferentes.

6.^a Locais para os servizos veterinarios, dotados cos medios suficientes para levar a cabo as funcións que teñen que realizar e, en especial, con equipos informáticos e de comunicación para realiza-las notificacións de movemento de animais, segundo o ámbito de influencia.

7.^a Local ou locais para o illamento de animais enfermos ou sospeitosos.

8.^a Instalación de auga potable e desaugamentos suficientes para satisfacer as necesidades dos locais.

9.^a Balsas de desinfección para as rodas dos vehículos nos accesos ó recinto.

10.^a Dispositivos para o lavado e desinfección de locais e vehículos.

11.^a Dispor de mecanismos apropiados para a eliminación hixiénica de cadáveres e refugallos, de conformidade co Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal.

12.^a Zonas diferenciadas de almacenamento de alimentos, estrume e esterco.

3. O titular do centro de concentración presentará unha memoria técnica, visada por un veterinario, na que

se recollan tódolos requisitos mencionados no punto anterior que se xuntará á solicitude de autorización.

4. Os centros de concentración unicamente poderán aceptar animais debidamente identificados que proveñan de explotacións que cumpran as seguintes condicións sanitarias:

a) Encontrarse en zonas oficialmente declaradas indemnes das enfermidades animais recollidas na lista A do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación.

b) Non presentar síntomas de padecer ou ter padecido enfermidades infecto-contaxiosas durante as últimas 48 horas.

c) Cumpri-las condicións para o intercambio intracomunitario de animais da especie bovina e porcina establecidas no capítulo II deste real decreto.

5. Os centros de concentración de gando bovino só aceptarán animais que proveñan de rabaños oficialmente indemnes de tuberculose, brucelose e leucose.

SECCIÓN 4.^a CONCESIÓN E RETIRADA DA AUTORIZACIÓN ÓS COMERCIANTES OU OPERADORES COMERCIAIS E CENTROS DE CONCENTRACIÓN PARA OS INTERCAMBIOS INTRACOMUNITARIOS

Artigo 20. *Autorización e rexistro.*

1. Correspóndelles ós órganos competentes das comunidades autónomas outorga-la autorización ós comerciantes ou operadores comerciais e ós centros de concentración situados no seu territorio que o soliciten. Na autorización deberá especificarse, se é o caso, a posibilidade do titular para a utilización das súas instalacións como centro de concentración.

A autorización poderá referirse exclusivamente a unha especie determinada, a animais de reprodución, produción de leite, de carne, de traballo ou outras producións ou animais de abasto.

2. A comunidade autónoma inscribirá a autorización nun rexistro de comerciantes ou operadores comerciais e centros de concentración. A cada autorización asignaráselle un número, de acordo co esquema establecido no punto 1 do artigo 3 do Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina. A este número anteporánselle as letras ES.

3. As comunidades autónomas comunicaránlle á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a lista dos comerciantes, operadores comerciais ou centros de concentración autorizados, debidamente actualizada, co fin de trasladar-la dita información, a través da canle correspondente, á Comisión Europea.

4. De conformidade co sinalado no punto anterior, créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos puramente informativos, un Rexistro Nacional de Comerciantes ou Operadores Comerciais de Gando e Centros de Concentración de Gando, xestionado pola Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ó que as comunidades autónomas deberán remiti-la relación dos comerciantes ou operadores comerciais e centros de concentración que autoricen.

Artigo 21. *Retirada da autorización.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas inspeccionarán periodicamente as instalacións de comerciantes ou operadores comerciais autorizados, con obxecto de comproba-lo cumprimento dos requisitos

para o outorgamento da correspondente autorización, e, en particular, aseguraranse de que, cando estean en funcionamento, os centros de concentración contén cun número suficiente de veterinarios oficiais para levar a cabo as tarefas que lles correspondan.

2. En caso de incumprimento das obrigas establecidas no presente real decreto, a comunidade autónoma poderá suspender ou retirar-la autorización. A suspensión da autorización poderá levantarse cando se constate que o centro de concentración cumpre tódalas disposicións pertinentes do presente real decreto.

CAPÍTULO IV Incumprimentos

Artigo 22. *Medidas en caso de incumprimento.*

1. En caso de incumprimento das disposicións contidas neste real decreto, o órgano competente da comunidade autónoma onde se verificase este deberá adoptar-las medidas adecuadas tanto para salvagarda-la saúde dos animais como para previr toda propagación de enfermidades, que poderán consistir en:

a) Termina-la viaxe ou reexpedi-los animais ó seu punto de partida polo traxecto máis directo, sempre que con esta medida non se poña en perigo a saúde ou o benestar dos animais.

b) Albergar convenientemente os animais e subministrarlle-los coidados necesarios en caso de interrupción da viaxe.

c) Facer sacrifica-los animais, sen dereito a indemnización.

2. O órgano competente da comunidade autónoma de destino, onde se verifique o incumprimento do disposto no presente real decreto, comunicarlle o feito e as circunstancias á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que informará ó Estado membro de orixe a través da canle correspondente.

Artigo 23. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento das disposicións do presente real decreto será sancionado de acordo coa Lei de epizootias do 20 de decembro de 1952 e o Regulamento de epizootias do 4 de febreiro de 1955, así como de acordo coas disposicións do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, de infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo, se é o caso, da aplicación da normativa específica das comunidades autónomas.

Disposición adicional primeira. *Normativa básica.*

As normas deste real decreto teñen carácter básico e dítanse ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición adicional segunda. *Rexistro Nacional de Comerciantes ou Operadores Comerciais de Gando e Centros de Concentración de Gando.*

O Rexistro Nacional de Comerciantes ou Operadores Comerciais de Gando e Centros de Concentración de Gando nutrirase das informacións facilitadas polas distintas comunidades autónomas, en tanto non estea plenamente operativo o Sistema Nacional de Redes de Vixilancia Epidemiolóxica, descrito no artigo 13 do presente real decreto.

Disposición adicional terceira. *Aprobación dun sistema de redes pola Unión Europea.*

Unha vez implantado e en funcionamento durante un período de doce meses, como mínimo, un Sistema Nacional de Redes de Vixilancia Epidemiolóxica conforme as disposicións do presente real decreto, a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación solicitará a súa aprobación á Comisión Europea.

Disposición adicional cuarta. *Proba de brucelose en porcinos.*

Non será obrigatorio realizárle-la proba da brucelose antes da súa saída da explotación, ós porcos destinados ó intercambio intracomunitario.

Disposición adicional quinta. *Realización de probas na especie bovina.*

Para os efectos do disposto no presente real decreto, as probas que se realizarán para o diagnóstico da tuberculose bovina, da brucelose bovina e da leucose enzoótica bovina axustaranse ó disposto no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

Disposición adicional sexta. *Sistema de posta en funcionamento da base de datos do sistema de redes.*

1. A base de datos informática estará plenamente operativa, de conformidade co disposto no artigo 12 do presente real decreto:

a) Polo que se refire ó rexistro de explotacións de animais da especie porcina, en cumprimento das disposicións establecidas no artigo 12.1.C), a partir do 31 de decembro de 2000.

b) Polo que se refire a movemento de animais da especie porcina en cumprimento das disposicións o artigo 12.1.B):

1.º O 31 de decembro de 2001, cando o dito movemento se realice desde a súa explotación de nacemento.

2.º O 31 de decembro de 2002, cando o movemento se efectúe desde calquera outra explotación.

Cada movemento de animais da especie porcina será rexistrado na base de datos. O rexistro incluírá o número de porcos transportados, o número de identificación da explotación ou da manda de procedencia, o número de identificación da explotación ou da manda de destino, a data de partida e a data de chegada.

2. En canto á base de datos informática á que se refire o artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro de animais da especie bovina, aplicarase o disposto na Orde do 21 de decembro de 1999 pola que se crea a mesa de coordinación de identificación e rexistro de animais da especie bovina e se regula unha base de datos informatizada.

Disposición transitoria primeira. *Autorizacións de operadores comerciais e centros de concentración.*

Os titulares de centros de concentración e os operadores comerciais con instalacións para albergar animais que na actualidade se encontren autorizados polos órganos competentes das comunidades autónomas e cumpran os requisitos necesarios, deberán solicita-la inscrición no rexistro establecido no artigo 20 deste real decreto nun prazo máximo de 3 meses desde a entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Requisitos sanitarios para o comercio de animais da especie bovina, destinados á produción de carne.*

Ata o 31 de decembro de 2000, para os animais da especie bovina de idade inferior ós 30 meses destinados á produción de carne, non será necesario realizar nos 30 días previos á saída as probas de tuberculose e brucelose a que se refire o artigo 6 deste real decreto, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Procedan dunha explotación bovina oficialmente indemne de tuberculose e de brucelose.

b) Vaian acompañados dun certificado sanitario que garanta o cumprimento do punto 7 da sección A do anexo II deste real decreto, debidamente emitido.

c) Estean baixo supervisión ata que sexan sacrificados.

d) Non entrasen en contacto, durante o seu transporte, con animais da especie bovina que non procedan de rabaños oficialmente indemnes desas enfermidades, sempre e cando os animais que sexan obxecto de intercambio se destinen a outros Estados membros, que gocen das mesmas condicións sanitarias no que respecta á tuberculose ou a brucelose, dispoñan das medidas oportunas para impedir-la contaminación de rabaños nativos e que establezan un sistema adecuado de controis por sondaxe, de inspeccións e verificacións que garanta a aplicación eficaz da presente normativa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente real decreto e, en particular:

1. Real decreto 379/1987, do 30 de xaneiro, sobre cualificación sanitaria de explotacións de gando bovino.

2. Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 29 de outubro de 1987 pola que se establecen normas sanitarias para o envío de gando bovino e porcino a outros Estados membros da Comunidade Europea.

3. Real decreto 103/1990, do 26 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 379/1987, do 30 de xaneiro, sobre cualificación sanitaria das explotacións de gando bovino.

4. Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 13 de marzo de 1990, relativa ás probas e controis previos que deberán efectuarse ós bovinos de reprodución e produción destinados a seren enviados a outros países comunitarios.

5. Real decreto 434/1990, do 30 de marzo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables ó comercio intracomunitario de animais vivos da especie porcina.

6. Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 4 de abril de 1990 pola que se modifica a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 29 de outubro de 1987, pola que se establecen normas sanitarias para o envío de gando bovino e porcino a outros Estados membros da Comunidade Europea.

7. Real decreto 1114/1992, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas relativas á leucose enzoótica que teñen que cumprilos bovinos de reprodución destinados a comercio intracomunitario.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para, no ámbito das súas competencias, adaptar os anexos ás modificacións necesarias ou introducidas neles polas normas comunitarias e para adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente real decreto.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dicta-las disposicións técnicas necesarias para coordina-los sistemas autonómicos de redes de vixilancia epidemiolóxica, con obxecto de implantar un Sistema Nacional de Redes.

Disposición derradeira segunda. *Cualificación sanitaria.*

As cualificacións sanitarias establecidas no anexo I do presente real decreto serán de aplicación ás definicións recollidas no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de outubro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

I. *Rabaño bovino oficialmente indemne de tuberculose*

Para efectos da presente sección, entenderase por «bovinos» tódolos animais da especie bovina excepto os animais que participen en acontecementos culturais ou deportivos.

1. Considerarase «rabaño bovino oficialmente indemne de tuberculose» aquel no que:

a) Tódolos animais estean exentos de signos clínicos de tuberculose.

b) Tódolos bovinos de máis de seis semanas desen resultados negativos en, polo menos, dúas probas intradérmicas da tuberculina oficiais realizadas de acordo coa normativa vixente, a primeira, seis meses despois da eliminación de calquera infección do rabaño, e a segunda, seis meses despois; ou, en caso de que o rabaño se compoña exclusivamente de animais procedentes de rabaños oficialmente indemnes de tuberculose, a primeira proba deberá realizarse, polo menos, sesenta días despois da composición do rabaño e a segunda non será necesaria.

c) Trala realización da primeira proba mencionada no parágrafo b), non se introduciuse no rabaño ningún animal de máis de seis semanas que non reaccionase negativamente a unha proba intradérmica da tuberculina realizada e avaliada nos trinta días anteriores ou nos trinta días seguintes á súa introducción no rabaño; neste último caso, o animal ou os animais deberán illarse fisicamente do resto do gando, de maneira que se evite todo contacto directo ou indirecto cos animais, ata que dean resultados negativos.

Non obstante, a autoridade competente poderá non esixir que se leve a cabo a citada proba para a circulación de animais no seu territorio se o animal procede dun rabaño oficialmente indemne de tuberculose.

2. Un rabaño bovino manterá o seu estatuto de rabaño oficialmente indemne de tuberculose:

a) Se seguen a cumprirse as condicións establecidas nos parágrafos a) e c) do punto 1.

b) Se tódolos animais que entren na explotación, proceden de rabaños con estatuto de rabaño oficialmente indemne de tuberculose.

c) Se tódolos animais da explotación, con excepción dos cuxos de menos de seis semanas nacidos nela, se

someten a intervalos anuais a probas ordinarias intradérmicas da tuberculina de conformidade coa normativa vixente.

Non obstante, en caso de que tódolos rabaños bovinos de España ou dunha provincia estean sometidos a un programa oficial de loita contra a tuberculose, a autoridade competente poderá cambia-la frecuencia destas probas ordinarias do modo seguinte:

1.º Se a media —determinada o 31 de decembro de cada ano— das porcentaxes anuais de rabaños bovinos nos que se confirmase unha infección de tuberculose non é superior ó 1 por 100 de tódolos rabaños da área definida durante os dous últimos períodos anuais de vixilancia, o intervalo entre as probas ordinarias practicadas sobre os rabaños poderá aumentarse a dous anos e poderanse dispensar de probas de tuberculina os machos de engorda dunha unidade epidemiolóxica illada sempre que pertencen a rabaños oficialmente indemnes de tuberculose e que a autoridade competente garanta que os machos de engorda non se usarán para a reprodución e que se enviarán directamente a sacrificio.

2.º Se a media —determinada o 31 de decembro de cada ano— das porcentaxes anuais de rabaños bovinos nos que se confirmase unha infección de tuberculose non é superior ó 0,2 por 100 de tódolos rabaños da área definida durante os dous últimos períodos bienais de vixilancia, o intervalo entre as probas ordinarias poderán ampliarse a tres anos e/ou a idade á que os animais deberán sufrir estas probas poderán alcanzalos vintecatro meses.

3.º Se a media —determinada o 31 de decembro de cada ano— das porcentaxes anuais de rabaños bovinos nos que se confirmase unha infección de tuberculose non é superior ó 0,1 por 100 de tódolos rabaños da área definida durante os dous últimos períodos trienais de vixilancia, o intervalo entre as probas ordinarias poderán estenderse a catro anos, ou se se reúnen as seguintes condicións, a autoridade competente poderá eximi-los rabaños das probas de tuberculina:

1.^a Que, antes da introducción nun rebaño, tódolos bovinos se sometan, con resultado negativo, a unha proba intradérmica da tuberculina.

2.^a Que tódolos bovinos sacrificados sexan obxecto dunha busca de lesións tuberculosas, e que se someta a estas a un exame histopatolóxico e bacteriolóxico para a detección do bacilo tuberculoso.

A autoridade competente poderá tamén aumenta-la frecuencia das probas de tuberculina polo que se refire a España ou a unha provincia en caso de que aumente o nivel de infección.

3.A O estatuto de rabaño oficialmente indemne de tuberculose suspenderase se concorre algunha das seguintes causas:

a) Non se cumpren xa as condicións mencionadas no punto 2.

b) Considérase que un ou varios animais reaccionaron positivamente a unha proba de tuberculina ou sospéitase que existe un caso de tuberculose nun exame «post mortem».

Cando se considere que un animal reacciona á proba de tuberculina, deberá apartarse do rabaño e sacrificarse. Levaranse a cabo os exames «post mortem», de laboratorio e epidemiolóxicos adecuados no dito animal ou no seu cadáver. O estatuto do rabaño permanecerá suspendido ata se completaren tódolos exames de laboratorio. De non se confirma-la presenza de tuberculose unha vez levada a cabo unha proba nos animais de máis de seis semanas con resultado negativo polo menos corenta e dous días despois de ter apartado do rabaño o animal ou animais que reaccionaron á proba de tuberculina.

c) O rabaño contén animais dos que debe determinarse o estatuto. Nese caso, o estatuto do rabaño quedará suspendido ata que se aclare o estatuto dos animais. Estes animais deberán illarse do resto do rabaño ata que se aclare o seu estatuto, xa sexa mediante unha nova proba transcorridos corenta e dous días ou mediante un exame «post mortem» e de laboratorio.

Sen embargo e non obstante o disposto no parágrafo c), se a autoridade competente leva a cabo probas ordinarias nos rabaños mediante a tuberculinización comparativa de acordo coa normativa vixente, cando non se confirmase a existencia de animais que reaccionasen positivamente ás probas polo menos nos últimos tres anos, a autoridade competente poderá decidir non restrinxir-la circulación doutros animais do rabaño sempre que o estatuto de tódolos animais que reaccionasen positivamente, pero de maneira non concluínte, se resolva mediante unha proba máis corenta e dous días despois e que ningún animal da explotación poida ser obxecto de intercambio comunitario ata que non se resolverse o estatuto de tódolos animais que reaccionasen positivamente pero non de maneira concluínte. Se nesta proba posterior algún animal reacciona positivamente ou continuase presentando unha reacción positiva pero non concluínte, aplicaranse as condicións do parágrafo b). Se a presenza de enfermidade se confirmase posteriormente, tódolos animais que abandonasen a explotación desde o momento da última proba clara realizada no rabaño serán localizados e sometidos a probas.

3.B O estatuto de rabaño oficialmente indemne de tuberculose retirarase se se confirma a presenza de tuberculose mediante o illamento do «*M.bovis bacterium*» no exame de laboratorio.

A autoridade competente poderá retirar-lo estatuto de darse algunha destas circunstancias:

- a) Non se cumpriren as condicións mencionadas no punto 2.
- b) Obervarse lesións clásicas de tuberculose no exame «post mortem».
- c) Que unha investigación epidemiolóxica establecese a probabilidade da infección.
- d) Por calquera outra razón que se considere necesaria para o control da tuberculose bovina.

A autoridade competente levará a cabo a localización e as probas en calquera rabaño que se considere epidemioloxicamente relacionado. O estatuto de rabaño oficialmente indemne de tuberculose seguirá estando retirado mentres non se efectuase o lavado e a desinfección dos locais e utensilios e tódolos animais de máis de seis semanas de idade non reaccionasen negativamente polo menos a dúas probas consecutivas de tuberculina, a primeira, como mínimo sesenta días, e a segunda, como mínimo catro meses e como máximo doce meses despois da retirada do último animal que dese resultado positivo.

4. Unha provincia poderá ser declarada oficialmente indemne de tuberculose se cumpre as condicións seguintes:

a) Se a porcentaxe de rabaños bovinos dos que a infección con tuberculose foi confirmada non superou o 0,1 por 100 anual de tódolos rabaños durante seis anos consecutivos e polo menos un 99,9 por 100 dos rabaños conseguiron o estatuto de rabaños oficialmente indemnes de tuberculose durante seis anos consecutivos, téndose procedido ó cálculo desta última porcentaxe o 31 de decembro de cada ano natural.

b) Se está en vigor un sistema de identificación que permita identifica-los rabaños de orixe e de tránsito de cada bovino de acordo co Regulamento (CE) 820/97,

do Consello, do 21 de abril, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro de animais da especie bovina.

c) Se tódolos bovinos sacrificados son sometidos a un exame «post mortem» oficial.

d) Se se cumpren os procedementos de suspensión e retirada do estatuto de rabaño oficialmente indemne de tuberculose.

5. Unha provincia manterá o seu estatuto de zona oficialmente indemne de tuberculose se se seguen a da-las condicións establecidas nos parágrafos a) a d) do punto 4. Non obstante, se existen probas que denoten un cambio significativo na situación da tuberculose nunha que fose recoñecida oficialmente indemne de tuberculose, poderase toma-la decisión de suspender ou anula-lo estatuto ata se cumpriren os requisitos da decisión.

6. España poderá declararse oficialmente indemne de tuberculose e mante-lo seu estatuto se cumpre, na totalidade do territorio nacional, os requisitos establecidos nos números anteriores para unha provincia.

II. *Rabaño bovino oficialmente indemne ou indemne de brucelose*

Para efectos da presente sección, consideraranse «bovinos» tódolos animais da especie bovina, con excepción dos machos de engorda sempre que procedan de rabaños oficialmente indemnes de brucelose e que a autoridade competente garanta que non se utilizarán os animais de engorda para a reprodución e que se enviarán directamente a sacrificio.

1. Considerarase «rabaño bovino oficialmente indemne de brucelose» aquel no que:

- a) Non haxa bovinos que fosen vacinados contra a brucelose, con excepción das femias vacinadas polo menos tres anos antes.
- b) Tódolos bovinos permanecesen exentos de signos clínicos de brucelose durante polo menos seis meses.
- c) Tódolos bovinos de máis de doce meses fosen sometidos a algunha das seguintes baterías de probas, con resultados negativos, de acordo coa normativa vixente.

1.º Dúas probas serolóxicas cun intervalo de máis de tres meses e de menos de doce meses.

2.º Tres probas de mostras do leite a intervalos de tres meses, seguidas dunha proba serolóxica polo menos seis semanas despois.

d) Todo bovino que se incorpore ó rabaño oficialmente indemne de brucelose e, no caso dos bovinos de máis de doce meses de idade, mostre un título brucelar inferior a 30 unidades internacionais aglutinantes por mililitro nunha seroaglutinación ou reacciona negativamente a calquera outra proba autorizada durante os trinta días anteriores ou os trinta días posteriores á data da súa incorporación ó rabaño; neste último caso, o animal ou os animais deberán illarse fisicamente dos outros animais do rabaño de tal modo que se evite o contacto directo ou indirecto cos demais animais ata que o resultado das probas sexa negativo.

2. Un rabaño bovino manterá o seu estatuto de rabaño oficialmente indemne de brucelose se:

a) Se realiza anualmente unha das seguintes baterías de probas con resultado negativo:

1.º Tres probas de anel (ring test) de leite a intervalos de polo menos tres meses.

2.º Tres probas ELISA do leite efectuadas a intervalos de polo menos tres meses.

3.º Dúas probas do anel (ring test) do leite cun intervalo de polo menos tres meses, seguidas da proba serolóxica indicada no punto 11 polo menos seis semanas despois.

4.º Dúas probas ELISA do leite efectuadas cun intervalo de polo menos tres meses, seguidas da proba serolóxica indicada no punto 11 polo menos seis semanas despois.

5.º Dúas probas serolóxicas cun intervalo de polo menos tres meses e de non máis de doce meses.

Non obstante, no caso de que tódolos rabaños bovinos de España ou dunha provincia que non estean oficialmente indemnes de brucelose estean sometidos a un programa oficial para combater-la brucelose, a autoridade competente poderá cambia-la frecuencia das probas ordinarias do modo seguinte: se os rabaños bovinos infectados non superan o 1 por 100, poderá abondar con efectuar cada ano dúas probas do anel do leite ou dúas probas ELISA do leite cun intervalo de polo menos tres meses, ou unha proba serolóxica; se polo menos o 99,8 por 100 dos rabaños bovinos foron recoñecidos oficialmente indemnes de brucelose polo menos durante catro anos, o intervalo entre os controis poderá incrementarse a dous anos se se someten a proba tódolos animais de máis de doce meses de idade, ou poderán someterse a proba só os animais de máis de vintecatro meses de idade se se someten a proba os rabaños cada ano.

b) Se tódolos bovinos que entren no rabaño proceden de rabaños oficialmente indemnes de brucelose e os bovinos de máis de doce meses amosan un título brucelar inferior a 30 unidades internacionais por mililitro nunha seroaglutinación ou reaccionan negativamente a calquera outra proba autorizada durante os trinta días anteriores ou trinta días posteriores á data da súa incorporación ó rabaño; neste último caso, o animal ou os animais deberán illarse fisicamente dos outros animais do rabaño de tal modo que se evite o contacto directo ou indirecto cos demais animais ata que o resultado das probas sexa negativo.

Non obstante, a proba descrita no parágrafo b) poderá non requirirse en España ou unha provincia se desde polo menos dous anos antes a porcentaxe de rabaños bovinos infectados de brucelose non excedese do 0,2 por 100 e en caso de que o animal proceda dun rabaño bovino oficialmente indemne de brucelose e non estivese en contacto, durante o transporte, con bovinos de estatuto inferior.

c) Non obstante o disposto no parágrafo b), poderán introducirse bovinos dun rabaño bovino indemne de brucelose nun rabaño oficialmente indemne de brucelose se son maiores de dezaioito meses e, en caso de teren sido vacinados contra a brucelose, a vacinación se realizou máis dun ano antes.

Nos trinta días previos á súa introducción, eses animais deberán ter dado un título brucelar inferior a 30 unidades internacionais aglutinantes por mililitro e un resultado negativo nunha proba de fixación do complemento ou outra proba autorizada.

Sen embargo, cando un bovino procedente dun rabaño indemne de brucelose se introduza nun rabaño oficialmente indemne de brucelose nas condicións do punto anterior, o dito rabaño considerarase indemne de brucelose durante dous anos a partir da data de introducción do último animal vacinado.

3.A O estatuto de rabaño oficialmente indemne de brucelose deberá ser suspendido se se produce algunha destas circunstancias:

a) Se non se cumpren xa as condicións dos puntos 1 e 2.

b) Se a raíz dos resultados de probas de laboratorio ou por motivos clínicos, se sospeita que un ou varios

bovinos teñen brucelose e se sacrificaron ou illaron os animais sospeitosos para evitar todo contacto directo ou indirecto cos demais animais.

Cando o animal fose sacrificado e non poida xa someterse a probas, a suspensión poderá levantarse se dúas probas de seroaglutinación en tódolos bovinos do rabaño maiores de doce meses, amosan un título brucelar inferior a 30 unidades internacionais aglutinantes por mililitro. A primeira proba realizarase polo menos trinta días despois da retirada do animal e a segunda, polo menos sesenta días despois.

Cando o animal fose illado dos demais animais do rabaño, poderá volver a introducirse no rabaño e este poderá recupera-lo seu estatuto tras:

a) Unha proba de seroaglutinación que amosase un título inferior a 30 unidades internacionais aglutinantes por mililitro e dese resultado negativo nunha proba de fixación do complemento, ou

b) Un resultado negativo en calquera outra combinación de probas autorizadas para iso.

3.B Cando as probas de laboratorio ou as investigacións epidemiolóxicas confirmen a infección de brucelose nun rabaño, retiraráselle o estatuto de rabaño oficialmente indemne de brucelose.

O rabaño non recuperará o seu estatuto ata que tódolos bovinos presentes no rabaño no momento da aparición do abrocho sexan sacrificados, ou o rabaño fose sometido a probas e tódolos animais de máis de doce meses de idade desen resultados negativos en dúas probas consecutivas cun intervalo de sesenta días, a primeira das cales se levará a cabo polo menos trinta días despois da retirada do animal ou animais que desen resultado positivo.

No caso das femias preñadas no momento de aparición do foco, a última proba deberá efectuarse polo menos vinteun días despois de que parise a última delas.

4. Un rabaño bovino considerarase indemne de brucelose se cumpre as condicións dos parágrafos b) e c) do punto 1 e se se levou a cabo a vacinación como segue:

a) As femias foron vacinadas: antes dos seis meses de idade, con vacina viva da cepa 19; ou antes dos quince meses de idade, con vacina inactivada con coadjuvante 45/20 oficialmente controlada e autorizada; ou con outras vacinas autorizadas.

b) Os bovinos de menos de trinta meses que fosen vacinados con vacina viva da cepa 19 poderán dar na proba de seroaglutinación un resultado superior a 30, pero inferior a 80 unidades internacionais aglutinantes por mililitro, sempre que na proba de fixación do complemento dean resultados inferiores a 30 mililitros CEE no caso das femias vacinadas menos de doce meses antes ou inferior a 20 unidades CEE en tódolos demais casos.

5. Un rabaño bovino conservará o seu estatuto de explotación indemne de brucelose se:

a) Se lle somete a unha das baterías de probas previstas no parágrafo a) do punto 2.

b) Os bovinos que se introduzan no rabaño cumpren os requisitos do parágrafo b) do punto 2; ou:

1.º Proceden de rabaños con estatuto de rabaño indemne de brucelose e, no caso dos bovinos de máis de doce meses, deron, nos trinta días previos a ou en illamento despois da súa introducción no rabaño, un resultado inferior a 30 unidades internacionais aglutinantes por mililitro nunha seroaglutinación e un resultado negativo nunha proba de fixación do complemento de acordo coa lexislación vixente.

2.º Proceden de rabaños con estatuto de rabaño indemne de brucelose, teñen menos de trinta meses e foron vacinados con vacina viva da cepa 19 se dan un resultado na proba de seroaglutinación superior a 30 pero inferior a 80 unidades internacionais aglutinantes por mililitro, sempre que na proba de fixación do complemento dean un resultado inferior a 20 unidades CEE en tódolos demais casos.

6.A O estatuto de rabaño indemne de brucelose será suspendido se se dan algunha destas circunstancias:

- a) Non se cumpren as condicións dos números 4 e 5.
- b) A raíz dos resultados das probas de laboratorio ou por motivos clínicos, sospéitase que un ou varios bovinos de máis de trinta meses de idade teñen brucelose e se sacrificaron ou illaron o animal ou animais para evitar todo contacto directo ou indirecto cos demais animais.

Cando o animal fose illado, poderá volver introducirse no rabaño e este poderá recupera-lo seu estatuto en caso de que amose un título de seroaglutinación inferior a 30 unidades internacionais aglutinantes por mililitro e dese negativo nunha proba de fixación do complemento ou noutra proba autorizada pola lexislación vixente.

Cando os animais fosen sacrificados e non poidan xa someterse a probas, a suspensión poderá levantarse se dúas probas de seroaglutinación en tódolos bovinos do rabaño maiores de doce meses, amosan un título brucelar inferior a 30 unidades internacionais aglutinantes por mililitro. A primeira proba realizarase, polo menos trinta días despois da retirada do animal, e a segunda, polo menos sesenta días despois.

Cando os animais que teñan que seren sometidos a proba conforme cos dous parágrafos anteriores teñan menos de trinta meses de idade e fosen vacinados con vacina viva de cepa 19, poderán considerarse negativos se dan na proba de seroaglutinación un resultado superior a 30 pero inferior a 80 unidades internacionais aglutinantes por mililitro sempre que na proba de fixación do complemento dean un resultado inferior a 30 unidades CEE no caso das femias vacinadas menos de doce meses antes, ou inferior a 20 unidades CEE en tódolos demais casos.

6.B O estatuto de rabaño indemne de brucelose retirarase se as probas de laboratorio ou as investigacións epidemiolóxicas confirman a infección de brucelose nun rabaño. O rabaño non recuperará o seu estatuto ata que, ou ben, tódolos bovinos presentes no rabaño no momento da aparición do abrocho fosen sacrificados, ou o rabaño sufrise probas e tódolos animais non vacinados de máis de doce meses de idade desen resultados negativos en dúas probas consecutivas a sesenta días de intervalo, a primeira das cales se levará a cabo polo menos trinta días despois da retirada do animal ou animais que deron resultado positivo.

Cando os animais que deban someterse a probas e que se mencionan no parágrafo anterior teñan unha idade inferior a trinta meses e fosen vacinados con vacina viva da cepa 19, poderán considerarse negativos se presentan un título brucelar superior a 30 unidades internacionais pero inferior a 80 unidades internacionais aglutinantes por mililitro sempre e cando presenten, no momento da fixación do complemento, un título inferior a 30 unidades CEE se se trata de femias vacinadas nos doce meses anteriores ou un título inferior a 20 unidades CEE en tódolos demais casos.

No caso das femias preñadas no momento de aparición do abrocho, a última proba levarase a cabo polo menos vinteun días despois do parto da última femia preñada no momento da aparición do abrocho.

7. Unha provincia de España poderá ser declarada oficialmente indemne de brucelose se cumpre as condicións seguintes:

- a) Non se rexistrou ningún caso de aborto por brucelose nin de illamento de «B. Abortus bacterium» durante polo menos tres anos e polo menos 99,8 por 100 dos rabaños lograron obte-lo estatuto de rabaños oficialmente indemnes de brucelose anualmente durante cinco anos consecutivos, procedéndose ó cálculo desta última porcentaxe o 31 de decembro de cada ano natural. Non obstante, cando a autoridade competente adopte unha política de sacrificio total do rabaño, os incidentes illados que a investigación epidemiolóxica amose que se deben á introducción de animais de fóra da provincia e procedentes de rabaños dos que o estatuto de rabaños oficialmente indemnes de brucelose foi suspendido ou retirado por motivos distintos da sospeita de enfermidade non deberán terse en conta para efectos do cálculo anterior.

- b) Existe un sistema de identificación que permite localiza-los rabaños de orixe e de tránsito de cada bovino de conformidade co Regulamento (CE) 820/97.

- c) A comunicación dos casos de aborto é obrigatoria e estes casos son investigados pola autoridade competente.

8. Coa condición de que se aplique o punto 9, unha provincia declarada oficialmente indemne de brucelose conservará o seu estatuto:

- a) Se se cumpren aínda as condicións dos parágrafos a) e b) do punto 7 e é obrigatoria a notificación dos casos de aborto sospeitosos de seren debidos á brucelose, que son sometidos a investigación por parte da autoridade competente.

- b) Se cada ano durante os cinco primeiros anos tras alcanza-lo estatuto, tódolos bovinos de máis de vinte-catro meses en non menos do 20 por 100 dos rabaños foron sometidos a probas e reaccionaron negativamente a unha proba serolóxica realizada, ou, cando se trate de rabaños leiteiros, ó exame de mostras de leite de acordo coa normativa vixente.

- c) Se se notifican á autoridade competente tódolos bovinos sospeitosos de estaren infectados con brucelose e cada un deles é sometido a unha investigación epidemiolóxica oficial para a detección da enfermidade, que comprenderá polo menos dúas probas serolóxicas do sangue, incluída a proba de fixación do complemento, e un exame microbiolóxico das mostras oportunas.

- d) Durante o período de sospeita, que se prolongará ata que se obteñan resultados negativos nas probas previstas no parágrafo c), suspenderase o estatuto de rabaño oficialmente indemne de brucelose do rabaño de orixe ou tránsito do bovino sospeitoso e dos rabaños que teñan vínculos epidemiolóxicos con este.

- e) Se no caso de focos de brucelose evolutiva, tódolos bovinos foron sacrificados. Os animais das restantes especies sensibles someteranse ás probas adecuadas e limparanse e desinfectaranse os locais e o material.

9. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicarán tódolos casos de brucelose que se produzan nas provincias declaradas oficialmente indemnes de brucelose á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que llo comunicará á Comisión Europea a través da canle correspondente.

10. España poderá declararse oficialmente indemne de brucelose e mante-lo seu estatuto se cumpre, na totalidade do territorio nacional, os requisitos establecidos nos puntos anteriores para unha provincia.

11. Para efectos do presente epígrafe II, consideraranse «probas serolóxicas» as probas de seroaglutinación, do antixeno brucelar tamponado, de fixación do complemento, de plasmaglutinación, do anel efectuada con plasma, de microaglutinación ou a proba ELISA efectuada con sangue individual. Aceptarase tamén toda outra proba de diagnóstico autorizada de acordo coa

normativa vixente. Por «proba do leite» entenderase unha proba do anel (ring test) do leite ou unha proba ELISA do leite de acordo coa normativa vixente.

III. *Cualificación sanitaria de leucose enzoótica bovina*

1. Un rabaño considerarase oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina se:

a) Non se deron nel probas clínicas nin derivadas dos resultados de probas de laboratorio de ningún caso de leucose enzoótica bovina nin se confirmou ningún caso desta enfermidade nos últimos dous anos, e

b) Tódolos animais de máis de vintecatro meses de idade resultaron negativo en dúas probas efectuadas durante os doce meses anteriores de conformidade co presente anexo, cun intervalo mínimo de catro meses, ou

c) Cumpre os requisitos do parágrafo a) e está situado nun Estado membro ou unha parte do territorio dun Estado membro oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina.

2. Un rabaño conservará o seu estatuto de rabaño oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina se:

a) Segue cumpríndose a condición do parágrafo a) do punto 1.

b) Os animais introducidos nel proceden doutro rabaño oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina.

c) Tódolos animais de máis de vintecatro meses de idade seguen dando reacción negativa a unha proba realizada de conformidade coa normativa vixente a intervalos de tres anos.

d) Os animais de reprodución introducidos nun rabaño e orixinarios dun terceiro país se importaron de conformidade coa Directiva 72/462/CEE.

3. O estatuto de rabaño oficialmente indemne de leucose suspenderase no caso de non se cumpriren as condicións do punto 2 anterior, ou se como resultado dunha proba de laboratorio ou por razóns clínicas se sospeita que un ou máis bovinos padecen de leucose enzoótica bovina e os animais sospeitosos son sacrificados inmediatamente.

4. O estatuto quedará suspendido ata que se dese cumprimento ós requisitos seguintes:

A) Se un só animal dun rabaño oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina deu reacción positiva nunha das probas oficiais ou se sospeita a existencia de infección nun animal dun rabaño:

a) O animal que dese reacción positiva e, se se trata dunha vaca, o seu cuxo, deberá saír do rabaño para ser sacrificado baixo o control das autoridades veterinarias.

b) Tódolos animais do rabaño de máis de doce meses de idade deberán ter dado reacción negativa a dúas probas serolóxicas cun intervalo de catro meses como mínimo e de menos de doce meses polo menos tres meses despois da saída do rabaño do animal que reaccionase positivamente e da súa descendencia.

c) Efectuouse unha investigación epidemiolóxica con resultados negativos e os rabaños epidemioloxicamente vinculados co rabaño infectado sometéronse ás medidas previstas no parágrafo b).

Non obstante, a autoridade competente poderá eximir da obriga de sacrificalo cuxo dunha vaca infectada se este animal foi separado da súa nai inmediatamente despois do parto. En tal caso, o cuxo quedará suxeito ós requisitos establecidos no parágrafo c) do número 2.

B) Se varios animais dun rabaño oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina dan reacción positiva nunha das probas oficiais, ou se sospeita que máis dun animal dun rabaño está infectado:

a) Tódolos animais que desen reacción positiva, e, se se trata de vacas, os seus cuxos, deberán saír da explotación para seren sacrificados baixo o control das autoridades veterinarias.

b) Tódolos animais de máis de doce meses de idade deberán dar reacción negativa a dúas probas cun intervalo de catro meses como mínimo e doce meses como máximo,

c) Tódolos demais animais, trala súa identificación, quedarán na explotación ata que teñan máis de vintecatro meses de idade e fosen sometidos a probas de conformidade coa normativa vixente despois de cumpriren esta idade, excepto cando a autoridade competente permita que estes animais sexan enviados directamente ó sacrificio baixo supervisión oficial.

d) Efectuouse unha investigación epidemiolóxica con resultados negativos e os rabaños epidemioloxicamente vinculados co rabaño infectado foron sometidos ás medidas previstas no parágrafo b).

Non obstante, a autoridade competente poderá eximir da obriga de sacrificalo cuxo dunha vaca infectada se este animal foi separado da súa nai inmediatamente despois do parto. En tal caso, o cuxo quedará suxeito ós requisitos establecidos no parágrafo c).

5. Unha provincia poderá considerarse oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina :

a) Se se cumpriron tódalas condicións do punto 1 e polo menos o 99,8 por 100 dos rabaños bovinos están oficialmente indemnes de leucose enzoótica bovina; ou

b) Se non se confirmou ningún caso de leucose enzoótica bovina no seu territorio nos tres últimos anos, e debe notificarse obrigatoriamente a presenza de tumores sospeitosos de seren debidos a leucose enzoótica bovina, téndose investigado a causa, e tódolos animais de máis de vintecatro meses de idade foron sometidos a unha proba nos vintecatro meses anteriores con resultados negativos ou cando se trate de declarar indemne a totalidade do territorio nacional, de acordo co punto 9 deste punto III, tódolos animais de máis de vintecatro meses de idade de polo menos o 10 por 100 dos rabaños, elixidos ó azar, foron sometidos a probas con resultados negativos; ou

c) Se calquera outro método demostra, cun índice de fiabilidade do 99 por 100, que está infectado menos dun 0,2 por 100 dos rabaños.

6. Unha provincia conservará o seu estatuto de zona oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina se:

a) Tódolos animais sacrificados nela son sometidos a exames «post mortem» oficiais ós que se envían tódolos tumores que puidesen deberse ó virus da leucose enzoótica bovina para o seu exame en laboratorio.

b) Os órganos competentes das comunidades autónomas comunican tódolos casos de leucose enzoótica bovina que se produzan nas provincias declaradas oficialmente indemnes de leucose enzoótica bovina á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que llo comunicará á Comisión Europea a través da canle correspondente.

c) España informa á Comisión de tódolos casos de leucose enzoótica bovina que xurdan en cada unha das súas provincias a través da canle correspondente.

d) Tódolos animais que dean resultado positivo nunha das probas oficiais son sacrificados e os seus rabaños quedan suxeitos a restriccións ata que se restableza o seu estatuto de acordo co número 4 deste punto III, e

e) Tódolos animais de máis de dous anos de idade foron sometidos a probas, ben sexa unha vez nos primeiros cinco anos trala concesión do estatuto ou durante os primeiros cinco anos trala concesión do estatuto de

acordo con calquera outro procedemento que demostre cun grao de fiabilidade do 99 por 100 que menos do 0,2 por 100 dos rabaños foron infectados. Non obstante, en caso de que non se rexistrase ningún caso de leucose enzoótica bovina na provincia nunha proporción dun rabaño de cada dez mil durante polo menos tres anos, poderá decidirse reduci-las probas serolóxicas ordinarias sempre que tódolos bovinos de máis de doce meses de idade en polo menos o 1 por 100 dos rabaños, seleccionados ó azar cada ano, fosen sometidos a unha proba realizada oficialmente.

7. O estatuto de zona oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina suspenderase se, como resultado das investigacións realizadas de acordo co punto 6 anterior, existen probas que denoten un cambio significativo na situación da leucose enzoótica bovina no seu territorio.

8. O estatuto de zona oficialmente indemne de leucose enzoótica bovina poderá ser recuperado cando se cumpran os criterios establecidos anteriormente.

9. España poderá declararse oficialmente indemne de leucose bovina enzoótica e mante-lo seu estatuto se cumpre, na totalidade do territorio nacional, os requisitos establecidos nos puntos anteriores para unha provincia.

ANEXO II

Certificado sanitario para animais da especie bovina de abasto (1)/de reprodución (1)/de produción (1)

Estado membro de orixe:

Número de certificado (7)

Rexión de orixe:

Número de referencia do certificado orixinal (8)

SECCIÓN A

Nome e enderezo do expedidor

Nome e enderezo da explotación de orixe: (2)

Número de autorización do comerciante: (3)

Enderezo e número de autorización do centro de concentración no Estado membro de orixe (1)/de tránsito (1):

..... (3)

..... (3)

Información sanitaria

O/A abaixo asinante certifica que cada un dos animais do envío descrito a seguir:

1. Procede dunha explotación de orixe e unha zona que, conforme a normativa comunitaria ou nacional, non está suxeita a ningunha prohibición ou restricción por motivos de enfermidade que afecte os bovinos.

2. Procede dun rabaño de orixe situado nun Estado membro ou en parte do seu territorio:

a) Cunha rede de vixilancia aprobada pola: Decisión.././CE da Comisión (3);

b) Que se coñece como:

Oficialmente indemne de tuberculose: Decisión.././CE da Comisión (3),

Oficialmente indemne de brucelose: Decisión.././CE da Comisión (3),

Oficialmente indemne de leucose: Decisión.././CE da Comisión (3);

3. (3) É un animal de reprodución (1)/de produción (1) que:

Permaneceu, de acordo coas informacións dispoñibles, na explotación de orixe durante os trinta últimos días ou desde o seu nacemento se ten menos de trinta días de idade, e que durante este período non se introduciu ningún animal importado dun terceiro país na dita explotación salvo que quedase illado dos demais animais da explotación.

Procede dun rabaño oficialmente indemne de tuberculose, brucelose e leucose e que foi sometido, con resultados negativos, durante os trinta días anteriores á saída da explotación de orixe, de conformidade co punto 2 do artigo 6 da Directiva 64/432/CEE, ás probas seguintes:

Proba	Proba non requirida para as seguintes categorías de animais	Esixida Si/non (4) (5)	Data da proba ou da mostraxe
Proba da tuberculina	Animais de menos de seis semanas de idade		
Seroaglutinación brucelar (6)	Animais castrados e animais de menos de doce meses de idade		
Proba de leucose	Animais de menos de doce meses de idade		

4. (3) É un animal de abasto que procede dun rabaño oficialmente indemne de tuberculose e leucose e: Está castrado (3).

Se non está castrado, procede dun rabaño oficialmente indemne de brucelose (3).

5. (3) É un animal de abasto orixinario dun rabaño non oficialmente indemne de tuberculose, brucelose e leucose e expídese, de conformidade co 3 do artigo 6 da Directiva 64/432/CEE co número de licenza....., procede dunha explotación situada en España e foi sometido, con resultado negativo, durante os trinta días anteriores á saída da explotación de orixe, ás probas seguintes:

Proba	Data da proba ou da mostraxe
Proba de tuberculina	
Seroaglutinación brucelar (6)	
Proba de leucose	

6. (11) Sobre a base da información facilitada nun documento oficial ou nun certificado no que as seccións A e B foron cubertas polo veterinario oficial ou polo veterinario autorizado responsable da explotación de orixe, cumpren os criterios aplicables sanitarios dos puntos 1 a 5 da sección A que, polo tanto, non se detallan neste certificado.

7. (3) É un animal de menos de 30 meses de idade, destinado á produción de carne e procedente dun rabaño oficialmente indemne de tuberculose, brucelose e leucose, e expídese de conformidade co parágrafo e) do punto 2 do artigo 6 da Directiva 64/432/CEE co número de licencia.

SECCIÓN B

Descrición do envío

Data de saída:

Número total de animais:

Identificación dos animais:

Número de pasaporte	Número de documento provisional (para os animais de menos de catro semanas de idade)	Identificación oficial [ata o 31 de agosto de 1999 para os animais de abasto de conformidade co punto 1 do artigo 4 do Regulamento (CE) número 820/97 do Consello]

Engádese, se é o caso, unha lista suplementaria adxunta selada e asinada polo veterinario oficial ou autorizado

Número de autorización do transportista (se é diferente do transportista que figura na sección C e/ou se a distancia de transporte é superior a 50 km):

Medio de transporte: Rexistro:

Certificación relativa ás seccións A e B

Selo oficial	Lugar	Data	Sinatura (*)

Nome, apelidos e título (en maiúsculas):
Enderezo do veterinario asinante:

(*) As seccións A e B deben ser seladas e asinadas: polo veterinario oficial da explotación de orixe en caso de que difira do veterinario oficial ó que corresponde asinar na sección C, ou polo veterinario autorizado da explotación de orixe no que o Estado membro de expedición implantase un sistema de redes de vixilancia aprobado de acordo coa Decisión .../.../CE da Comisión, ou polo veterinario oficial responsable do centro de concentración autorizado na data de saída dos animais.

SECCIÓN C (9)

Nome e enderezo do destinatario:

Nome e enderezo da explotación de destino (1)/do centro de concentración autorizado no Estado membro de destino (1)

(cúbrase en maiúsculas):

Nome

Rúa:

Municipio/provincia:

Código postal: Estado membro:

Número de autorización do comerciante: (3)

Número de autorización do transportista (en caso de que a distancia de transporte sexa superior a 50 km): (10)

Medio de transporte: Rexistro:

Trala inspección regulamentaria, o/a abaixo asinante certifica que:

1. Os animais arriba descritos foron inspeccionados o (indíquese a data)..... nas vinte e catro horas anteriores á súa saída prevista sen que amosasen ningún signo clínico de enfermidade infecciosa ou contaxiosa.

2. A explotación de orixe e, se é o caso, o centro de concentración autorizado e a zona en que están situados non están suxeitos a ningunha prohibición ou restricción por motivos de enfermidade que afecte os bovinos de conformidade coa normativa comunitaria ou nacional.

3. Cúmprense tódalas disposicións aplicables da Directiva 64/432/CEE do Consello.

4. (3) Os animais arriba indicados cumpren as garantías adicionais respecto a:

Enfermidade

De conformidade coa Decisión .../.../CE da Comisión

5. Os animais non permaneceron máis de seis días no centro de concentración autorizado (3).

Certificación relativa á sección C

Selo oficial	Lugar	Data	Sinatura (*)

Nome, apelidos e título (en maiúsculas):
Enderezo do veterinario asinante:

(*) A sección C do certificado debe ser selada e asinada polo veterinario oficial da explotación de orixe ou do centro de concentración autorizado situado no Estado membro de orixe ou do centro de concentración autorizado situado no Estado membro de tránsito ó tramita-lo certificado de expedición dos animais ó Estado membro de destino.

Información adicional

1. O certificado debe asinarse e selarse nunha cor diferente á da impresión.

2. Este certificado será válido durante dez días a partir da data da inspección sanitaria efectuada no Estado membro de orixe e recollida na sección C.

3. Os datos esixidos neste certificado deben consignarse no sistema ANIMO na data de emisión do certificado e non máis tarde das vinte e catro horas seguintes a esta.

- (1) Rísquese o que non proceda
- (2) Non se aplica cando os animais proceden de varias explotacións
- (3) Rísquese se non procede.
- (4) Non esixido se non existe un sistema de redes de vixilancia aprobado pola Decisión .../.../CE da Comisión.
- (5) Non esixido se o Estado membro ou a parte do territorio do Estado membro onde está situado o rabaño se recoñecen como oficialmente indemnes da enfermidade de que se trata.
- (6) Ou outra proba autorizada de acordo co artigo 17 da Directiva 64/432/CEE.
- (7) Deberá cubri-lo veterinario oficial do Estado membro de orixe.
- (8) Deberá cubri-lo veterinario oficial no centro de concentración autorizado do Estado membro de tránsito.
- (9) Rísquese se o certificado se utiliza para o traslado de animais no Estado membro de orixe e só se cobren e asinan as seccións A e B.
- (10) Rísquese se o transportista non é diferente do transportista identificado na sección B.
- (11) O punto 6 da sección A debe ser asinado polo veterinario oficial no centro de concentración autorizado despois dos controis documentais e de identidade dos animais que cheguen cun documento oficial ou un certificado completo das seccións A e B; no caso contrario, debe suprimirse este punto.

Certificado sanitario para animais da especie porcina de abasto (1)/de reprodución (1)/de produción (1)

Estado membro de orixe:

Número de certificado (4)

Rexión de orixe:

Número de referencia do certificado orixinal (5)
--

SECCIÓN A

Nome e enderezo do expedidor

Nome e enderezo da explotación de orixe:.....

..... (2)

Número de autorización do comerciante: (3)

Enderezo e número de autorización do centro de concentración no Estado membro de orixe (1)/de tránsito (1):

..... (3)

..... (3)

Información sanitaria

O/A abaixo asinante certifica que cada un dos animais do envío descrito a seguir:

1. Procede dunha explotación de orixe e unha zona que, conforme a normativa comunitaria ou nacional, non está suxeita a ningunha prohibición ou restricción por motivos de enfermidade que afecte os porcinos.

2. (3) É un animal de reprodución (1) de produción (1) que permaneceu, de acordo coas informacións dispoñibles, na explotación de orixe durante os trinta últimos días ou desde o seu nacemento se ten menos de trinta días de idade, e que durante este período non se introduciu ningún animal importado dun terceiro país nesta explotación agás que quedara illado dos demais animais da explotación.

SECCIÓN B

Descrición do envío

Data de saída:

Número total de animais:.....

Identificación dos animais:

Raza	Data de nacemento	Identificación oficial

Engádese, en caso necesario, unha lista suplementaria adxunta selada e asinada polo veterinario oficial ou autorizado

Número de autorización do transportista (se é diferente do transportista que figura na sección C e/ou se a distancia de transporte é superior a 50 km):

Medio de transporte:

Rexistro.

Certificación relativa ás seccións A e B

Selo oficial	Lugar	Data	Sinatura (*)

Nome, apelidos e título (en maiúsculas):

Enderezo do veterinario asinante:

(*) As seccións A e B deben ser seladas e asinadas: polo veterinario oficial da explotación de orixe en caso de que difira do veterinario oficial ó que corresponde asinar na sección C, ou polo veterinario autorizado da explotación de orixe no que o Estado membro de expedición implantase un sistema de redes de vixilancia aprobado de acordo coa Decisión .../.../CE da Comisión, ou polo veterinario oficial responsable do centro de concentración autorizado na data de saída dos animais.

SECCIÓN C (9)

Nome e enderezo do destinatario:

Nome e enderezo da explotación de destino

(cúbrase en maiúsculas):

Nome

Rúa:

Municipio/provincia:.....

Código postal: Estado membro:

Número de autorización do transportista (en caso de que a distancia de transporte sexa superior a 50 km): (7)

Medio de transporte: Rexistro:

Trala inspección regulamentaria, o/a abaixo asinante certifica que:

1. Os animais arriba descritos foron inspeccionados o (indíquese a data)..... nas vinte e catro horas anteriores á súa saída prevista sen que amosasen ningún signo clínico de enfermidade infecciosa ou contaxiosa.

2. A explotación de orixe e, se é o caso, o centro de concentración autorizado e a zona en que están situados non están suxeitos a ningunha prohibición ou restricción por motivos de enfermidade que afecte os porcinos de conformidade coa normativa comunitaria ou nacional.

3. Cumpriéronse tódalas disposicións aplicables da Directiva 64/432/CEE do Consello.

4. (3) Os animais arriba indicados cumpren as garantías adicionais respecto a:

Enfermidade:.....

De conformidade coa Decisión .../.../CE da Comisión;

5. Os animais non permaneceron máis de seis días no centro de concentración autorizado (3).

Certificación relativa á sección C

Selo oficial	Lugar	Data	Sinatura (*)

Nome, apelidos e título (en maiúsculas):

Enderezo do veterinario asinante:

(*) A sección C do certificado debe ser selada e asinada polo veterinario oficial da explotación de orixe ou do centro de concentración autorizado situado no Estado membro de orixe ou do centro de concentración autorizado situado no Estado membro de tránsito ó tramita-lo certificado de expedición dos animais ó Estado membro de destino.

Información adicional

1. O certificado debe asinarse e selarse nunha cor diferente á da impresión.

2. Este certificado será válido durante dez días a partir da data da inspección sanitaria efectuada no Estado membro de orixe e recollida na sección C.

3. Os datos esixidos neste certificado deben consignarse no sistema ANIMO na data de emisión do certificado e non máis tarde das vinte e catro horas seguintes a ela.

- (1) Rísquese o que non proceda.
- (2) Non se aplica cando os animais proceden de varias explotacións.
- (3) Rísquese se non procede.
- (4) Deberá cubri-lo veterinario oficial do Estado membro de orixe.
- (5) Deberá cubri-lo veterinario oficial no centro de concentración autorizado do Estado membro de tránsito.
- (6) Rísquese se o certificado se utiliza para o traslado de animais no Estado membro de orixe e só se cobren e asinan as seccións A e B.
- (7) Rísquese se o transportista non é diferente do transportista identificado na sección B.

MINISTERIO DE FOMENTO

19948 *REAL DECRETO 1828/2000, do 3 de novembro, polo que se modifica o Regulamento para o control do cumprimento da normativa internacional sobre seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e traballo nos buques estranxeiros que utilicen portos ou instalacións situados en augas xurisdiccionais españolas, aprobado polo Real decreto 768/1999, do 7 de maio. («BOE» 265, do 4-11-2000.)*

Mediante o Real decreto 1621/1997, do 24 de outubro, incorporouse ó ordenamento xurídico español a Directiva 95/21/CE, do Consello, do 19 de xuño, sobre o cumprimento das normas internacionais de seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e de traballo a bordo, por parte dos buques que utilicen os portos comunitarios ou as instalacións situadas en augas baixo xurisdicción dos estados membros (control do Estado do porto), así como a Directiva 96/40/CE, da Comisión, do 25 de xuño, pola que se establece un modelo común de tarxeta de identidade para os inspectores de control do Estado do porto. As modificacións que, na primeira das normas comunitarias citadas, operaron as directivas 98/25 e 98/42/CE, levaron á derogación do Real decreto 1621/1997, do 24 de outubro, polo Real decreto 768/1999, do 7 de maio, actualmente en vigor.

A Directiva 99/97/CE, da Comisión, do 13 de decembro, veu, de novo, a modifica-la Directiva 95/21/CE. Unha reforma que pretende, en primeiro lugar, cambia-las datas de referencia dos convenios e instrumentos xurídicos internacionais relacionados no artigo 2 da Directiva 95/21/CE. Por outra parte, incrementa e detalla a información relativa ás inmovilizacións dos buques que debe ser publicada, para o que modifica o artigo 15 da Directiva 95/21/CE e engade un novo anexo. E, por último, introduce variacións no factor xeral de selección dos buques que deben inspeccionarse prioritariamente —o que supón introducir cambios no anexo I da Direc-

tiva 95/21/CE— e amplía a lista de certificados e documentos do anexo II que deben examinarse.

Este real decreto ten como finalidade incorporar ó ordenamento xurídico a Directiva 99/97/CE, o que fai necesaria a modificación do Real decreto 768/1999.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de novembro de 2000,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento aprobado polo Real decreto 768/1999, do 7 de maio.*

O Regulamento para o control do cumprimento da normativa internacional sobre seguridade marítima, prevención da contaminación e condicións de vida e de traballo nos buques estranxeiros que utilicen portos ou instalacións situadas en augas xurisdiccionais españolas, aprobado polo Real decreto 768/1999, do 7 de maio, queda modificado nos termos e co alcance que a continuación se expresa:

1. O último parágrafo do artigo 2.1 queda redactado do seguinte xeito:

«Xunto cos protocolos e emendas dos ditos convenios e os códigos anexos de carácter obrigatorio, que estean vixentes o 1 de xullo de 1999.»

2. Dáse nova redacción ó artigo 2.2, co seguinte texto:

«MA: o Memorando de París para o control dos buques polo Estado rector do porto, asinado en París o 26 de xaneiro de 1982, na versión vixente o 1 de xullo de 1999.»

3. O punto 3 do artigo 13 queda redactado do seguinte xeito:

«Os inspectores e as persoas que os asistan non poderán ter interese comercial ningún nos portos nin nos buques nos que efectúen inspeccións. Tampouco poderán estar empregados en organizacións internacionais que expidan certificados estatutarios ou de clasificación, ou que realicen as supervisións necesarias para a expedición dos ditos certificados ós buques, nin levar a cabo tarefas remuneradas con cargo ás devanditas organizacións.»

4. O artigo 16 terá a seguinte redacción:

«A Dirección Xeral da Mariña Mercante fará pública, alomenos cunha periodicidade mensual, os datos enumerados no anexo IX, relativos ós buques que, durante o mes anterior, foran inmovilizados nos portos españois ou ós cales fose denegado o acceso, segundo o disposto no artigo 12.3.

A dita publicación entenderase sen prexuízo da que lle corresponda ó sistema de información SIRENAC, en aplicación do disposto no artigo 15.2 da Directiva 95/21/CE.»

5. O anexo I queda modificado nos termos seguintes:

a) Dáse nova redacción ó punto I.6 (factores prevaletentes), co seguinte texto:

«Buques clasificados que fosen suspendidos ou privados da súa clase por motivos de seguridade nos seis meses precedentes.»